

# Homenaxe á escritora (e veciña de Rianxo), Helena Villar Janeiro

## XXII edición da homenaxe “A escritora na súa terra - Letra E”

fotografía: Pepe Ferrín

Concello de Rianxo  
25 de xuño de 2016



11.30h

Paseo Marítimo no Peirao de Sete Fogas

**Descubrimento do Monólito conmemorativo**  
e plantación do loureiro (árbore simbólica da escritora)

Interveñen:

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da AELG  
Adolfo Muíños Sánchez, Alcalde de Rianxo  
Helena Villar Janeiro

**Acto de entrega da "Letra E"**  
(Escola da I República - Cuartel vello)

Interveñen:

Adolfo Muíños Sánchez, Alcalde de Rianxo  
Mercedes Queixas Zas, Secretaria xeral da AELG  
Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da AELG  
Marica Campo: Laudatio

Entrega da peza escultórica do artista Caxigueiro.  
Intervención da homenaxeada: Resposta á laudatio por parte de  
Helena Villar Janeiro

**14.00h**

**Xantar no Pazo de Rianxiño**

**Xantar de confraternidade.** Aberto aos/as socios/as da AELG,  
á veciñanza de Rianxo e demais persoas interesadas.

(Prezo do xantar 30 € - Prazas limitadas. Reservas ata o 17 de xuño a través da AELG, en horario de 9 a 14 h., ben no tño 981 133 233 ou no mail oficina@aelg.org)

**HELENA**

**VILLAR**

**JANEIRO**



Aínda que Helena Villar Janeiro naceu en Becerreá, dende hai anos vive no noso municipio. E en Rianxo será onde a [Asoaciación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega](http://www.aelg.org/actividades/o-escritora-na-sua-terra-letra-e/2016/6/25/a-escritora-na-sua-terra-helena-villar-janeiro-rianxo-2016) (http://www.aelg.org/actividades/o-escritora-na-sua-terra-letra-e/2016/6/25/a-escritora-na-sua-terra-helena-villar-janeiro-rianxo-2016) (AELG) lle renda unha homenaxe pola súa traxectoria o sábado 25 de xuño durante todo o día.

Tratáse da “Homenaxe O/A Escritor/a na súa Terra”, que chega á súa XXII edición e que, nesta ocasión, recae na figura da lucense afincada en Leiro, recaendo na figura de Helena Villar Janeiro, que será homenaxeada no Concello de Rianxo, a terra que ela elixiu para vivir os solpores da ría de Arousa.

O evento, no que se reconece a “entidade literaria de insignes figuras das nosas letras, a través dunha serie de eventos como a entrega do galardón Letra E de escritor/a (unha peza escultórica de Caxigueiro), a plantación dunha árbore simbólica (un loureiro elixido pola propia autora) e a colocación dun monólito conmemorativo”, comezará precisamente ás 11.30h en Sete Fogas, para descubrir o monumento de pedra.

Tras este momento e a plantación da árbore, irase ata Cuartel Vello, onde intervirán diferentes membros da AELG, o alcalde de Rianxo, ao tempo que Mónica Campo realizará unha *laudatio*, que será respondida pola propia homenaxeada.

Para rematar, indicar este acto recae nun escritor, e que en edicións anteriores os merecedores deste galardón foron nomes como Manuel María, Xosé Neira Vilas, Uxío Novoneyra ou Luz Pozo Garza.